



Concello de Baleira

ANUNCIO : CONSULTA PÚBLICA

REGULAMENTO DO SERVIZO DE “XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE BALEIRA”

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento Municipal do servizo “XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE BALEIRA”, se recaba a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados no seguinte cuestionario durante o prazo de **vinte días** a contar desde o día seguinte ó de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, que non poden valerse por si mesmas, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Prestación dun servizo ás persoas maiores e/ou dependentes que vai a mellorar a súa calidade de vida, reforzando os servizos de</i>





Concello de Baleira

	<i>atención domiciliaria que presta o Concello..</i>
Obxectivos da norma	<i>Prestación do servizo "Xantar na casa" ás posibles persoas beneficiarias do Concello de Baleira, o que lles permitirá aumentar a súa autonomía e mellorar o benestar e calidade de vida.</i>
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<i>Non se contemplan</i>

BALEIRA, MARZO DO 2026.

O ALCALDE,

ASDO. ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LÓPEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

